

**O perdurable legado de
Fernando Pérez-Barreiro Nolla**

(coord.) **Xulio Ríos**

Título: *O perdurable legado de Fernando Pérez-Barreiro Nolla*

© Xulio Ríos

Primeira edición, febreiro 2015

Maquetación: Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.
Pol. ind. A Reigosa, parcela 19
36827 Ponte Caldelas, Pontevedra
Tel.: 986 761 045 | Fax: 986 761 022
cumio@cumio.com | www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública
ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización
dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos,
www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais
dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-489-8
Impresión: Global Mail & Print
Depósito legal: VG 99-2015
Impreso en Galicia

Índice

Presentación.....	9
1. Homenaxe no primeiro aniversario do seu pasamento	
(Baiona, 7 de xaneiro de 2011).....	11
Palabras de Teresa Barro.....	11
Discurso de Xosé Luis Franco Grande.....	15
Discurso de Francisco Silva Castaño.....	17
Discurso de Nicolás Vidal.....	21
Discurso de Francisco Xosé Fernández Naval.....	23
Discurso de Xulio Ríos.....	27
2. Análises e comentarios sobre a súa traxectoria e obra.....	31
Fernando Pérez-Barreiro	
<i>Luís Álvarez Pousa (El Ideal Gallego, 08/01/2010).....</i>	<i>31</i>
Adeus a un cabaleiro galego de Londres	
<i>Craig Patterson (Galicia Hoxe, 07/01/2010).....</i>	<i>32</i>
Un home de todas as estacións	
<i>Craig Patterson (Galicia Hoxe, 13/01/2011).....</i>	<i>34</i>
Fernando Pérez-Barreiro Nolla ou a Bendición de Babel	
<i>Nicolás Vidal (Diario de Ferrol, 07/01/2010).....</i>	<i>35</i>
Para Teresa Barro	
Fernando Pérez-Barreiro	
<i>Xosé Luís Franco Grande (La Voz de Galicia, 11/01/2010).....</i>	<i>37</i>
Fernando Pérez-Barreiro	
<i>X. L. Méndez Ferrín (Faro de Vigo / La Opinión, 15/01/2010).....</i>	<i>38</i>
O analista	
<i>X. L. Méndez Ferrín (Faro de Vigo / La Opinión, 12/02/2011).....</i>	<i>40</i>
O noso home en Londres	
<i>Xosé Manuel Pereiro (El País, 15/01/2010).....</i>	<i>43</i>
Lembranza dun amigo	
<i>Xosé Luis Rodríguez Pardo (Xornal de Galicia, 17/01/2010).....</i>	<i>45</i>
Lembranza de Fernando	
<i>Vera Ríos Carrillo (ANT, 21/01/2010).....</i>	<i>47</i>

Fernando, nós na diáspora <i>Xulio Ríos (Tempos Novos, febreiro/2010)</i>	48
Epílogo para Fernando Pérez-Barreiro Nolla <i>Xulio Ríos (Xornal de Galicia, 12/01/2010)</i>	51
Trazos da Galicia de Fernando Pérez-Barreiro <i>Xulio Ríos</i> <i>(Viceversa xuño 2010, revista da ATG-Universidade de Vigo)</i>	53
A contracorrente <i>Xulio Ríos (Xornal de Galicia, 07/01/2011)</i>	56
Modelo de civismo <i>Xulio Ríos (IGADI, 05/01/2012)</i>	58
Regreso á Toca <i>Xulio Ríos (Praza, 04/01/2013)</i>	61
Fernando Pérez-Barreiro dende os montes de Cumbria <i>Francisco Xosé Fernández Naval</i> <i>(Diario de Ferrol, 07/02/2010)</i>	62
Carta a Fernando Pérez-Barreiro Nolla <i>Francisco Xosé Fernández Naval</i> <i>(Diario de Ferrol, 2 de xaneiro de 2011)</i>	65
O sabio impasible <i>Eduardo Punset (Muy Interesante, xuño de 2011)</i>	66
Na morte de Fernando Pérez-Barreiro Nolla <i>Emilio Xosé Ínsua (Seminario de Estudos Terra de Viveiro)</i> <i>Publicado no Heraldo de Viveiro, xaneiro 2010</i>	68

ANEXO

“Para ser e crear necesitas independencia” <i>Conversa de Xosé Luís Franco Grande e Xulio Ríos</i> <i>con Fernando Pérez-Barreiro Nolla (Grial, 167, 2005)</i>	75
---	----

O perdurable legado de Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Xulio Ríos

Presentación

Fernando Pérez-Barreiro Nolla faleceu en Lancaster (Inglaterra) o 4 de xaneiro de 2010. O 7 de xaneiro de 2011 reunímonos na mesma Baiona na que tanto gozou, un grupo de amigos e amigas para celebrar unha primeira homenaxe. Recollemos neste volume as palabras pronunciadas na ocasión.

Igualmente reproducimos as análises e comentarios que sobre a súa traxectoria e a súa obra se foron publicando dende entón por iniciativa de diversos autores e que recompilamos previamente na web do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, proxecto ao que Fernando dedicou boa parte do seu tempo nos derradeiros anos da súa vida.

Inclúese tamén a longa entrevista publicada en *Grial* (2005) que recolle aspectos biográficos e conceptuais que nos permiten unha aproximación á súa figura e ao seu pensamento.

Un lustro despois da súa desaparición, a súa memoria e o seu legado perduran entre nós.

Xulio Ríos
Director do IGADI



**1. Homenaxe no primeiro aniversario do seu pasamento
(Baiona, 7 de xaneiro de 2011).**

Palabras de Teresa Barro

Antes de que eu coñecese a Fernando sentira falar moito del aos amigos comúns que tiñamos en Santiago de Compostela, onde os dous estudábamos na universidade. Decían que era un xenio e un sabio, e que sabía idiomas e até sabía rumano. Incluso paréceme que algunha vez sentínlles dicir que se iría ao estranxeiro.

Eran tempos (falo dos anos cincuenta) en que en España non se daba importancia aos idiomas estranxeiros. Non se entendían, dende logo, como chave de entrada noutros mundos distintos do hispánico, e nen sequer se consideraban útiles. Eran asignaturas e mais nada. Que alguen soubese idiomas, como Fernando, era insólito, e xa o situaba nun nivel distinto, nun mundo mais aberto a outras posibilidades intelectuais e humanas.

Salientaba en Fernando o amor á cultura entendida como creación da humanidade en todos os aspectos. Adentrábase con entusiasmo e ansia de aprender noutros países e outras culturas. Era internacional por vocación, e tivo a sorte de atopar en Galicia, na última década da súa vida, un lar para esa vocación. Ese lar foi o IGADI, e disfrutou moito colaborando nesa empresa na que creía profundamente.

Fernando tiña paixón polo estudo das línguas, e seguiu estudándoo até os últimos días da súa vida. Rumano non sei se sa-

bería moito, pero, aparte das que falaba adoito no traballo e na vida diaria en Londres, como o francés, o portugués e por suposto o inglés, aprendera ben o grego moderno, o noruegués, tiña un coñecemento profundo do alemán, idioma que o desesperaba e do que dicía que era máis difícil que o chinés, e, xa cando andaba polos setenta anos de idade, acometeu o estudo do hebreo coa mesma intensidade con que acometera o do chinés cando andaba polos cincuenta. Na nosa casa sentíase o radio todo o día en alemán, grego, árabe, chinés ou calquer outro idioma. No peto do casaco levaba sempre fichas con frases nos distintos idiomas e, en calquer sitio en que estivese, tirábaas do peto para lles botar unha ollada rápida. As línguas eran para el un xeito de aventurarse por outros países, outras culturas e outras historias. E facíao sen partir da comparación, sen preguntarse se os outros serían mellores ou piores que nós, sen ansia de dominio de ningún tipo. Tampouco se adentraba lingüística e culturalmente nun país porque lle fose simpático ou porque sentira afinidade. Era pura curiosidade, humanidade e gusto polo diferente, cualidades que o levaban a ter sempre unha visión independente, tanto do mundo de fóra como do de dentro.

Creo que Fernando foi un líder intelectual e un poeta, e que eses dous atributos configuraron a súa existencia. Por líder intelectual non entendo que dirixise a outros, senón que nese terreo tomaba a dianteira e non tiña medo a nada, nen sequer a equivocarse. Movíase nos asuntos do intelecto coa facilidade e sinxeleza de quen sabe valorar e calibrar e non deixa que o desvíen da verdade. Pero sospeito que o que facía a Fernando diferente de outros intelectuais era que, escribese ou non poesía, e escribeu moita que non publicou, vivía como un poeta, no nivel que puidéramos chamar heroico e superior da poesía. Penso que se pode escoller pasar pola vida nun nivel baixo, nun nivel mediano, que é o máis habitual, e nun nivel elevado no que rexen a verdade, a liberdade e o corazón aberto e honrado. Nunca vin a Fernando baixar dese nivel que chamo poético e que está dirixido polo espírito.

Para Fernando, o máis natural do mundo era ser internacional e galeguista. Non vía contradición entre esas dúas cousas. Falábase todo o tempo de Galicia, non con morriña, senón con ansia de entender e dilucidar. Os dous chegáramos á vida universitaria en Santiago cun interese por Galicia que sempre nos uniu, e que xurdira en parte de contactos inusuais e fortes có que agora se chamaría a Galicia profunda. Fernando era de Ferrol, e esa cidade influíuno moito, pero el sempre pensou que as súas raíces máis fondas estaban en Viveiro, de onde era a súa familia paterna e a onde ía moito a estar cun dos seus tíos. E tamén tivo moita influencia nel a Galicia de montaña, na que pasaba longos veráns illado da vida urbana e na que nunca foi un veraneante, senón que a viviu dende dentro.

Fernando conta nas súas memorias que dende moi novo pensou que Galicia era unha nación, e que tiña que aspirar a inserirse como tal en España e no resto do mundo. Mais adiante, e sobretudo nos últimos anos, como resultado de toda a análise do país e do galeguismo que fixo, pensaría que en Galicia facía falla unha base sólida de pensamento e reflexión na que se tivese en conta a historia do país, e chegaría á conclusión de que defender a lingua galega non era abondo, e que Galicia tiña que desenvolver a súa personalidade e orixinalidade latentes e tomar a dianteira, que tiña que aportar algo novo e importante ao mundo, un xeito diferente de ver e facer as cousas.

En retrospectiva, e sobre todo despois de ler as memorias de Fernando e de escribir o meu complemento a elas, decátome con claridade do importante que é que cada persoa teña un “soño” de como quer que sexa a vida, e que sen iso un flota pero non navega. Non falo de utopías nen de fantasías vanagloriosas, senón do que se escolle dende o fondo do corazón. Na vida de parella tamén foi moi importante para Fernando e para min ter un “soño” do que máis queríamos, porque iso actuou como convicción que impediu que flotásemos ou nos desviásemos. Houbo un acordo entre nós, a pouco de facernos noivos, de que o que queríamos era unha vida

independente e sinxela. Non sabíamos daquela o que significaría aquel debezo noso, pero ese soño serviu de timón e fixo que non perdéramos o rumbo. Podo afirmar que o conseguimos e que, agora que vexo a nosa vida xa completa, decátome de que as dúas aspiracións, a da independencia e a da vida sinxela, ían xuntas e non se podía cumprir unha sen a outra. E tamén penso, e estou segura de que Fernando concordaría, que cada país necesita un “soño” acorde co seu ser e que Galicia ten que buscar o seu. Un soño poético que sirva de pedra de toque e de instrumento de análise da propia historia e que aporte un algo universal que valga para todos.

Non é frecuente que nos eloxios que se fan a un intelectual cando morre teñan case mais peso os que se fan das súas virtudes humanas, pero no caso de Fernando foi iso o que predominou, en recoñecemento talvez do raro que é encontrar centradas na mesma persoa unha mente e un corazón xenerosos, abertos e honorables. Tiña unha honorabilidade que nunca decaeu nen foi traicionada, e moitos dos que escribiron sobre el resaltaron que era un cabaleiro. Tamén destacaron o que chamaron a súa humildade. É certo que Fernando nunca se sentiu superior a ninguén. Quería para todos o millor, e supoño que era en parte por iso polo que os alumnos o adoraban, como profesor que os entusiasmaba e acordaba entusiasmo por aprender, e como home merecedor de respecto e admiración.

Fernando era un cabaleiro no sentido do gentleman, sempre cortés e que actúa con honor. Pero tamén era un cabaleiro dos outros, dos que, como os cabaleiros medievais, loitan por causas xustas. A súa loita foi mental e espiritual, e gran parte desa loita foi para que Galicia puidese atopar os seus propios camiños. Fernando foi un home valente, honrado e xeneroso que viviu no nivel elevado que a súa mente e o seu corazón esixían. Fernando foi un cabaleiro galego.

Discurso de Xosé Luis Franco Grande

Cando eu era pequeno, hai disto xa moitísimos anos, había en Tui un fotógrafo que debeu de retratar varias xeracións de xentes do Baixo Miño. Non había casoiro que se resistise á súa cámara nin cativo que non quedase apreixado nela para a posteridade. Ese home produciume unha das primeiras decepcións estéticas da miña vida, que eu lembre, porque, un día, na casa duns parentes meus, cando coidaba que tiña diante a foto do casamento dos meus pais, resultou que a foto era a da voda dos meus tíos. E á esquerda dela, había outra dun cativo, e resultou que, cando pensaba que era a miña, descubrín que era a dun primo meu da miña idade.

Estas fotos só se diferenciaban das que había na miña casa nas persoas retratadas: os elementos que enchían a foto —unha paisaxe decadente para as vodas e un elefante sobre o que nos retrataron a xeracións de cativos do Baixo Miño— eran sempre os mesmos, de maneira que podo asegurar que o fotógrafo aquel pasou toda a súa vida facendo as mesmas fotos. Nunca cambiou o fondo das dos casamentos nin o elefante aquel da trompa revirada para as dos cativos, o que explica que todos saíramos sempre con cara de susto.

Quero dicir con isto que aquel descubrimento foi unha lección para o resto da miña vida, unha lección que Fernando Pérez-Barreiro, e con el o IGADI, me fan presente cada día: que a realidade é cambiante porque así é a vida. E cando non sabemos velo desa maneira, petrificámonos, que é unha maneira de morrer.

Paréceme que Fernando aportou a este organismo: a) a súa rica experiencia internacional, b) a súa extraordinaria cultura, c) a frescura dunha mente aberta a moi diversas culturas e diferentes linguas, d) e un afán de que esas pouco comúns calidades servisen a causa de Galicia, e e) axudou, co seu consello e cos seus traballos, a facer desta entidade, por unha banda, un organismo cuxa finalidade é darnos unha visión do mundo exterior dende aquí e

non unha imaxe imposta por intereses case sempre alleos; e, por outra, unha contribución á proxección exterior de Galicia como nunca se logrou antes de agora.

Fernando era a persoa idónea para axudar neste labor: viviu como poucos a actualidade do mundo en diversos organismos internacionais, en realidade, puido ir observando moi de preto o proceso de cambio e transformación do noso mundo de hoxe; observalo si pero tamén comprendelo, interpretalo e mostrárnolo aos demais... dende aquí, dende Galicia, non baixo criterios impostos dende fóra, que esa é a doutrina e a finalidade do IGADI, xusto nun momento como este en que tanto privan as fábricas de andrómenas sen outra finalidade que mostrarnos a realidade que lles interesa, ben ao servizo dos partidos ou do poder en xeral, case sempre afastada da verdadeira. Apoiano a Xulio Ríos e ao seu equipo, conseguiron, nas súas diferentes responsabilidades e sumando forzas, que sexa hoxe o IGADI o noveno *think tank* de España, por riba dalgúns de moita sona e prestixio, ou que fosen requiridos os seus servizos técnicos por países como a República Dominicana, entre outras eventualidades.

Fernando Pérez-Barreiro e o IGADI significan para min o contrario do fotógrafo aquel de Tui: supoñen unha apertura permanente ao noso mundo en formación, un mundo que se renova cada día, un mundo cambiante, pero ollado dende un miradoiro novo, pois non serán poucos os que saberán de Galicia polo IGADI, e por este somos moitos os que procuramos saber do mundo un pouco máis e mellor sabido. Queremos comprender o noso mundo —é un dos fins do IGADI—, pero tamén queremos que o mundo nos coñeza e comprenda, ao que tamén axudamos.

Sen esquecer de Fernando outras achegas para min tan valedoras como as expostas: a súa amizade, a súa cordialidade, o seu fresco sentido do humor, a súa atraínte humanidade. O trato con el era unha liberación e, á par, unha experiencia enriquecedora. Foi todo un luxo telo aquí. Foi unha sorte ter sido amigo seu por tantos anos.

Hoxe, ao ver aquí con todos nós a Teresa Barro, Lily, fánseme presentes e vivos, como nun *flash-back*, aqueles anos 1960 e 1961, pasados con vós na Coruña, que foron os anos da verdadeira iniciación da nosa amizade, logo de nos termos coñecido en Santiago. Pasaron xa máis de cincuenta anos, pero o tempo non puido destruír a nosa amizade, senón que máis ben a consolidou. Como ben escribiches ti, con ocasión de ter recuperado a un vello amigo dos tempos composteláns, “as grandes amizades pasan incólumes polo decorrer do tempo”.

Penso que a todos os que estamos aquí nos gustaría que fagas chegar aos vosos fillos o moito que valoramos o seu exemplo, a súa entrega, a súa ilusión e demais altas calidades intelectuais e humanas súas, que sempre puxo ao dispor desta entidade, e que por iso vai seguir vivindo na nosa memoria e nas nosas actividades. Penso que permanecerá con nós moitos anos. É outra maneira de seguir vivindo.

Discurso de Francisco Silva Castaño

Autoridades presentes, queridos amigos:

Debo agradecer ao IGADI e á súa cabeza visible, Xulio Ríos, a organización deste acto de homenaxe a Fernando e a amable invitación que me fixeron para que teña a honra e o pracer de poder transmitirvos algo da miña experiencia como familiar e discípulo seu.

Tamén teño que agradecer os esforzos e os traballos realizados para a organización do acto e as distintas tarefas para asegurar o seu éxito.

Persoalmente, teño que admitir, con alegría, que son un pouco fillo intelectual de Fernando e que as longas conversas con el e, especialmente, o seu exemplo, deixáronme un significado fondo do que espero poder compartir algo convosco. A experiencia filial de Fátima, a miña muller, que o coñeceu máis tarde, foi ata máis intensa ca miña.

Intentarei centrar o meu comentario seguindo algúns dos distintos eixos que Fernando proxectaba nas dimensións dese universo que percibimos como unha persoa.

En primeiro lugar, quero referirme ao seu eixo humano, definido polas súas variables de calidez, proximidade, interese incesante por todo e por todos. Fernando era un patricio no mellor vello estilo e no mellor sentido da palabra e esa nobre orixe e “savoir faire” delicado e educado saíalle a gallarón a cada paso e con todo o mundo. A súa capacidade de tranquilizar as situacións tensas e a súa paciencia e humildade eran ilimitadas.

En segundo lugar, irei ao seu eixo intelectual, vasto e inabarcable. Non podo recordar un só asunto que non lle interesase e do que non tivese ou algunha opinión elaborada de forma implacable, ou do que a solicitase coa máxima avidez. Se —por que ata Homero ás veces dormita— algo se lle escapou, a lagoa cubríase de forma inapelable en días ou horas. Desde a chegada de Internet e o acceso inmediato á información, as lagoas enchíanse ás veces en minutos. As súas proezas mentais, como lanzarse de cabeza ao abismo insondable do chinés logo dos corenta, ou o dominio dunha nova lingua semítica nalgúns meses, deixaron de sorprendernos por repetidas.

Débolle, en boa medida, e compartía con el, para sufrimento dos nosos máis próximos, a paixón, algo desordenada, polos libros, tamén nos seus aspectos de coleccionismo fanático. Como el (e como Borges e algúns outros máis) creo que unha boa biblioteca é un dos lugares máis prazenteiros do mundo, considero que a bibliofilia e a bibliomanía son as últimas adicións que o home civilizado pódese permitir e penso que o paraíso terá para el (e para Borges e para algúns outros máis) a sensación dunha gran biblioteca, que, no caso de Fernando, seguro que se parecerá á súa moi querida e moi traballada London Library ou á vella sala de lectura circular do Museo Británico, que Fernando nos presentaba a todos coa veneración do devoto que mostra o sancta sanctorum do seu templo.

En terceiro lugar mencionarei a súa influencia nos campos político e social, que para el eran á vez retos inescusables de problemas abertos e sanguentos, e un deber ético e estoico de dedicarse á súa resolución. A esixencia de buscar e traer un mundo mellor levoulle a explorar territorios políticos e xeográficos distantes e plurais, saíndo dunha Galicia e unha España na que creo que botaba en falta, ante todo, a liberdade. En Inglaterra atopouna: nunca esqueceré como me explicou no Speaker’s Corner de Hyde Park en 1973 (eu tiña 12 anos) a diferenza sutil pero esencial entre España e Inglaterra: alí podíase criticar e defender a Franco (un cidadán cubano curiosa e estrafalariamente defendíao subido a unha caixa) e en España só se lle podía defender.

Penso que sufriu, como todos os que sentimos eses impulsos e traballado no seu ronsel nalgunha medida, decepcións e choques contra moitos dos muros dunha realidade inabarcable e de ferro (creo que a China que aínda se recuperaba da Revolución Cultural deparoulle algunha desagradable sorpresa, igual que a min Berlín oriental) e tivo a enorme virtude de non caer na rixidez dogmática, ou na tristeza, ou no cinismo, ou na acomodación sen esperanza. Mantivo a pesar de todo o bo humor e seguiu vendo os lados positivos, ata nalgunhas situacións imposibles.

E chego, para rematar, ao cuarto eixo que non é outro que a súa paixón, tamén algo desordenada e suprarracional (ou algo irracional) por Galicia, paixón que como é de rigor carrega dores e algún pesar, e paixón que nos transmitiu a moitos que tamén a gozamos e padecemos alternativa ou simultaneamente. Galicia era para Fernando un problema e unha oportunidade, unha gloria e un desastre, un paraíso e un duro purgatorio.

Fernando era e quería seguir sendo, custe o que custe, un galego de viaxe polo ancho mundo, como tantos e tantos. As súas referencias para o encadre da confusa e afastada realidade exterior foron sempre deliberadamente galegas e considerou sempre que para os galegos non había (non debería haber) emigración, senón diáspora, que para os xudeus quere dicir peregrinación temporal

polo exterior da patria, compatible coa esperanza permanente de volver o ano que vén á terra prometida, a Sión.

Esta visión galega e de Galicia foi, sen ningunha dúbida, un dos raíles principais da súa existencia e nunca baixou a garda ante o desánimo ou a melancolía ou os erros ou os excesos ou as carencias, que co seu fino bisturí mental descubría e diseccionaba inmediata e irremisiblemente, a destra e a sinistra. Galicia foi sempre a súa gran esperanza e a súa materia e a súa trincheira pendente e a nosa querida lingua, o galego, o principal motivo da súa reflexión, do seu razoamento, do seu desvelo e do seu esforzo.

Ninguén pode ignorar que polo galego e por Galicia sacrificou metas moi altas de renome e recoñecemento e ninguén dubida de que ese patriótico sacrificio foille inmensamente grato.

O seu coñecemento exacto da delicada situación real do galego entre as potentes e non sempre acolledoras torres do castelán e do portugués (dúas das linguas máis importantes do mundo) e o seu estudo concienzudo dos experimentos lingüísticos irlandés (errado) e hebreo (exitoso) así como todas as súas inextinguibles provisionís e ferramentas e armas mentais e persoais guiaron as súas cavilacións e os seus consellos aos nosos gregos e troianos defensores do galego, a miúdo enfrontados en amargo combate civil.

A contraditoria e apaixonante e polifacética realidade de Galicia e o galego déronlle algúns desgustos e moitas alegrías ata os seus últimos anos, pero a súa convicción de que merecía continuar na batalla non pereceu e só quedanos lamentar que a Parca sexa tan rápida para levar, como sempre, aos mellores, demasiado pronto.

Como diría o profeta Teilhard (se fose galego), máis ou menos, “O mellor termina sempre por suceder e o futuro é mellor ca calquera pasado”.

Moitas grazas a todos pola vosa atención.

Discurso de Nicolás Vidal

Para comezar quixera confesarlles unha perplexidade. Hai cinco anos chamei por teléfono a Londres a un señor do que apenas coñecía algo para facerlle unha entrevista. Un lustro despois estou diante de vostedes recordando a un amigo, falando del por convite da súa familia.

A vida é ben curiosa.

Nos últimos meses sinto unha contradición ao lembrar a Fernando. Por unha banda é a tristura de non telo con nós e por outra, a alegría que xorde sempre que o recordamos naquelas conversas e opinións que nos iluminaron. Estando con el tiven claro que o mellor que un podía facer era calar a boca e deixalo falar, era o xeito de aprender. A mirada e a experiencia de Fernando chegou a onde poucos chegaron nun país como o noso, que semella ter unha eiva para saber potenciar a quen máis o quere, quen máis útil e proveitoso lle pode resultar. Estiveron moi ben os premios que Fernando recibiu nos seus últimos anos. Pero creo que tería sido moito mellor escoitar —e actuar en consecuencia—, verbo das súas ideas sobre o idioma galego, a personalidade de Galicia e sobre todo das inmensas posibilidades dese valor no exterior, a nosa diáspora. A súa visión estaba nas antípodas dese celeiro de votos co que a política doméstica identifica á Galicia de fóra.

Coñecín a Pérez-Barreiro tras unha entrevista con Xosé Luís Franco Grande que me recomendou que entrase en contacto con el estando como estaba eu á caza e captura de ferroláns ilustres para *Nordésia*, o suplemento de cultura de *Diario de Ferrol*. As expectativas sobre aquel galeguista políglota que vivía en Londres ficaron minúsculas ante a súa figura e personalidade, e sigo concordando coas cualidades que tirei del naquela primeira impresión: irónico, elegante, culto, tolerante, independente... Foi a entrevista coa que máis me identifiquei emocional e intelectualmente das que levo feito. E a partir de aí veu un deslumbramento pola súa experiencia vital: a marcha a Inglaterra nos anos 60 fuxindo do ambiente

moral e estético que vivía o país, o compromiso que a pesar de todo mantivo con Galicia, o seu labor de tradución, o Grupo de Traballo Galego en Londres, o seu citado talento para facer dos idiomas pontes e non cancelas, o seu preciso coñecemento da política mundial e, paralelamente, do contacto e interpretación lúcida do ser de Galicia. Tamén dos seus persoeiros e, cando tocaba, das razóns para desmitificalos. A nosa amizade durou ata a morte de Fernando e foi unha relación que tivo no xornalismo unha das súas trabes máis fortes.

No meu caso, vivo do xornalismo pero como sabía Fernando a opinión que teño da miña profesión é marxista, grouchista marxista: teño remorsos por estares nun oficio que acepta a unha persoa coma min, convencida de que de seguires así a profesión máis fermosa do mundo non ten moito sentido. Temos falado abondo de xornalismo, algo natural en quen o soubo practicar tan ben toda a vida e, como se sabe, foi fillo dun gran periodista e director de *El Correo Gallego*. Así, e sen saber nese intre do papel que Xulio Ríos e o IGADI estaban facendo na recuperación da figura e os coñecementos de Fernando, pola miña conta quixen tamén recuperar no ámbito ferrolán a Pérez-Barreiro. Co meu compañeiro, José Gómez Fandiño, abrímoslle as páxinas do suplemento *Nordésia* e durante varios anos franqueounas cunha serie de artigos nos que o memorialístico uníase ás inquedanzas estéticas e culturais que nós recibiamos con honra e agradecemento infinitos. Aquela entrevista inicial e os artigos que foi publicando axudaron a que en 2006 o noso xornal lle dese por elección dun xurado independente o seu Premio de Cultura, un recoñecemento co que —quero pensalo así—, Fernando regresou con ledicia á cidade na que naceu e construíu a súa personalidade.

A súa necesidade de comunicación estivo moi ligada toda a vida ao xornalismo, unha práctica que creo que foi aumentando nos seus últimos anos. Lembrarei sempre unha tarde no aeroporto de Alvedro, nunhas circunstancias tristes para el e a súa familia, os fascinantes recordos da súa experiencia na BBC de Londres nos

anos 60. Logo, coñecín traballos seus en revistas e xornais como *Aturuxo*, *Grial*, *Tempos Novos*, *A Nosa Terra* etc. Cando fixen unha biografía sobre Purificación de Cora e seu xornal, *El Progreso de Lugo*, envielle un exemplar da edición a Lancaster. Díxome que lle prestara moito a súa lectura, pero sabía tanto que me fixo varios comentarios moi interesantes e lamentei en non telo consultado.

Teño para min que o xornalismo en Fernando foi como unha estrada que, como se sabe, ten vía de ida e de volta. Así, como lector serviulle para coñecer moi ben a nosa realidade desde a diáspora británica, aínda que hai que recoñecer que a súa presenza en Galicia nos últimos anos era habitual, en boa parte culpa, reitero, do IGADI. O pasado verán aceptamos unha xenerosa invitación de Teresa a Lancaster, para vela e polo remorso de non ter aceptado antes as que nos fixo Fernando. Alí marchamos Emilia, Paulo e eu, a coñecer o ámbito familiar de Fernando coa excusa tamén de mirar uns contos inéditos de Bello Piñeiro que gardaba no seu arquivo. Remexer naquela ONU de papel foi a constatación do que pensaba: artigos, entre eles os que nos enviaba ao xornal e que eu lle remitía unha vez publicados (que sensación tan rara velos nun soto de Lancaster!), recortes de prensa galega do último medio século, revistas etc.

O xornalismo foi o vínculo que me uniu a Fernando e a súa familia pero creo que foi, sobre todo, un dos grandes vínculos que uniu a Fernando co país, unha boa bocanada dese aire para respirar Galicia, que dirían Julio Cortázar e Chisco Fernández Naval, que tanto lle prestou sempre a esa persoa tan singular, admirable e querida que foi Fernando.

Discurso de Francisco Xosé Fernández Naval

En primeiro lugar quero agradecer ao IGADI e, en particular a Xulio Ríos, a posibilidade que me brindan de estar aquí, hoxe, participando neste acto de homenaxe ao amigo común Fernando

Pérez-Barreiro Nolla. Para min é unha emoción e un privilexio, como privilexio foi poder gozar do seu cariño e da súa amizade.

Eu vou falar de Fernando e a poesía, xa que a poesía foi quen nos presentou e nos uniu. Tiña Fernando esa calidade excepcional, que unicamente se manifesta nos bos e xenerosos, de transferir ao outro as súas virtudes e de expresar un agradecemento que, en boa lei, e en base a todo o que el nos daba, debería de ser, cando menos, recíproco.

Unha mañá de outono e chuva, eu recitei os meus poemas en Corcubión, nun dos actos que pechaban o programa do congreso sobre Plácido Castro. Ao rematar, un home alto, elegante e tranquilo, agardaba por min no centro do corredor do auditorio. Era Fernando que quería falar comigo dos meus versos. Ese día, arredor da poesía, naceu a nosa amizade, curta no tempo, pero intensa e fecunda.

Para Fernando, a poesía era a realidade primaria do ser humano, así o expresou en máis dunha ocasión. Opinaba que aínda que non houbera poetas, habería poesía agardando por un primeiro explorador que a descubriese. Esta reflexión era consecuencia dunha vida enteira dedicada a ela. Dende a adolescencia escribiu poemas, en principio influído polas vangardas, imitando a Rubén Darío, lendo a Lorca, aprendendo en *Vento Mareiro* de Ramón Cabanillas, un libro principal co que conviviu moitos anos; emocionándose coa descuberta de Rosalía, Curros e Pondal, autores dunha obra para el transcendente e que o acompañarían sempre, ao tempo que se abría a outras voces que se expresaban noutras linguas. Axiña intuía que “a pedra de toque do poeta” é comprobar se fala ou non dunha realidade distinta, se se lle abriu ou non a xanela pola que ve un mundo que reclama a súa expresión singular e única, en definitiva, a descuberta da voz propia.

Escribiu poesía toda a súa vida e, agás na xuventude, cando publicaba os poemas na revista *Aturuxo*, a poesía foi para el unha experiencia íntima, pero esixente, o que lle valeu para se exercitar e formar un patrón persoal co que poder exercer a crítica literaria e

o labor de tradución. Deixou escrita moita poesía nunca publicada, pero quizais cumpre salientar aquí que, máis alá desta labor de creación, el mantivo co poema, seu ou alleo, unha relación de tensión e respecto absoluto e sempre, cando traducía, procuraba a mellor versión posible, sen volverlle as costas ás dificultades. Foi esa a vocación que presidiu a súa tradución do *Macbeth*, versión en verso semellante ao utilizado por Shakespeare, mantendo a métrica orixinal e, tamén, o que o levou a enfrontar o poema inicial do libro de Lewis Carrol **as aventuras de Alicia no país das marabillas**, poema considerado polos tradutores como moi difícil e que moitas versións, en moitas linguas do mundo, evitan, pero que a galega mantén grazas ao seu esforzo. Completou el a tradución de todos os textos poéticos desta obra, ocupándose Teresa Barro da parte narrativa. Este traballo compartido mereceu, como xa sabedes, o premio Nacional de Tradución de libros infantís e xuvenís do ano 1985.

A Fernando non lle deu tempo de rematar o capítulo sobre a Poesía que, no seu proxecto, ía ser o último das súas Memorias. Deixounos uns primeiros parágrafos nos que explica a súa opinión sobre esa realidade que era para el algo máis ca un xénero literario, porque para Fernando a poesía era tamén un xeito de vivir. Pretendía logo ir comentando os poetas, os poemas e os libros que foran determinantes na súa vida.

Seguro que, de ter oportunidade, tería falado alí de William Blake e os seus labirintos, que moita ledicia e moita inquedaanza lle producían, de feito sabemos que foi este un dos últimos poetas que leu, quizais o derradeiro, voz á que volvía cada certo tempo. Habería espazo para John Keats e William B. Yeats, poetas aos que regresaba cando precisaba alento para continuar. Gustaba el de camiñar polos lagos de Cumbria, compartindo o paseo cos versos de William Wordsworth, Samuel T. Coleridge e Robert Southey e, nalgunha ocasión expresou que unha das cousas que máis pracer lle causarían, sería lerlle, á beira dos lagos, os poemas de Rosalía a John Ruskin.

Importante foi para el, Noriega Varela, poeta, segundo se dicía en Viveiro, de maneiras tan finas que semellaba portugués, tal e como lembra nun capítulo das Memorias, autor que leu por consello do seu tío Pepe, o presbítero, pero tamén Aquilino Iglesias Albariño, Luís Pimentel, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos e, por suposto, Franco Grande e Bernardino Graña, cos que, na mocidade, deambulaba polas rúas de Compostela falando de poesía.

Pero, ademais, como esquecer a súa intelixente lectura de W. H. Auden ou de T. S. Eliot e a admiración que sentía polo tratamento da natureza de Edward Thomas?

Quédannos, entre outros, os textos publicados no diario *La Voz de Galicia* en 1985, un referido a Seamus Heaney e outro escrito cando o centenario de D. H. Lawrence, así como os seus traballos sobre a poesía chinesa contemporánea, pola que sentía particular curiosidade e admiración e que el traduciu para todos nós.

Tamén nos queda, coma un facho, o seu compromiso coa lingua que, na súa opinión, nos abre as portas á diversidade, tal e como declarou nunha entrevista feita por Nicolás Vidal para o *Diario de Ferrol*. E quedan os seus versos, inéditos como xa comentei, algúns espallados por casas de amigos, xa que deles se valía, ás veces, como agasallo para amosar o seu afecto. Supoño que nalgún intre convirá reflexionar sobre a procedencia ou non de ordenar e dar a coñecer esta parte fundamental de si mesmo. Mentres, con autorización de Teresa, finalizo a miña intervención con este poema seu:

ES TI

¿És ti, amor, quen expira neste couto?
Debes ser, porque és fráxil e dependes
dos tixolos vermellos desa casa
da esquina, que hai dous meses derrubaron.
Dos carteis que aínda vexo, os mais caíron
en xiróns empapados de augas turbas,
das pontes reemplazadas tantas veces,
pouco máis permanentes do que o río.

Como ti trata en menudencias áxeis
e convírteas en formas que non morren
ou non queren morrer e fan punxente
o ar das despedidas e os encontros.
És amor, sí, pois fuches encontrado
ou conferido, non gañado, certo,
non herdado, non sei, porque na néboa
dos séculos aínda son novicio.
Cinco lustros de ollos non abundan
para abrir o que pode sondar fondo,
ese pozo onde está o tesouro todo.
Agarrado nos días da cidade
ámoa e sufro porque é corto o día.

Discurso de Xulio Ríos

Moitas grazas, Mari Pereira, voz seguramente moi familiar para todos os presentes e ferrolá como Fernando.

Sres. presidentes do Consello da Cultura e da Real Academia Galega, representantes de entidades e asociacións adheridas, familiares e amigos, señoras e señores,

Boas noites a todos e a todas e moitas grazas por asistirdes a esta homenaxe a Fernando Pérez-Barreiro, quen foi, para min persoalmente e para o IGADI como institución, unha referencia de primeira magnitude, tanto pola súa valía humana como intelectual.

Nos últimos anos, aquí, nesta mesma vila de Baiona, puidemos gozar moitas veces da súa presenza, do seu engado e das súas achegas constantes á construción dun país que el chegou a imaxinar dono de seu no máis fondo e amplo sentido da expresión. Fernando atopaba aquí, e a través do IGADI, unha ponte máis para achegarse ás nosas cousas dende unha visión tan fincada no propio país como universal na súa concepción.

Fernando, como ben sabedes, é unha figura poliédrica, que tanto se desenvolve con soltura no eido da tradución como no da poesía, no ensaio ou en moitos outros campos, con outras tantas afeccións, nomeadamente o teatro, en virtude dunha natureza especialmente curiosa que nunca pechaba as portas a nada, someténdoo todo a exploración, revisión e crítica, e facendo de todo, con esa dúbida e distanciamento tan propios del, un proceso teimudamente creativo.

Como moi ben sinalou hai tempo Franco Grande, quen hoxe nos acompaña e quen tanto fixo porque esta figura non se perdera para o país, a preocupación central de Fernando foi a cultura, entendida nun sentido amplo, ou como dicía o sociólogo inglés Mallok, entendida como a “clave da vida”, o universo natural no que a persoa pode e debe realizarse. Formou esa preocupación dende moi rapaz, da man do entorno familiar, de mestres como Carballo Calero, Otero Pedrayo e outros, e das súas múltiples lecturas, que lle ensinaron a respectar e admirar o propio, o máis próximo, pero fuxindo tanto dos límites como desas miradas atrás que non nos deixan ir cara adiante. Eses vimbios iniciais permitíronlle aquilatar actitudes fronte a vida que hoxe reclamariamos como esixencias imprescindibles para encarar os desafíos da condición humana.

A idea dunha aprendizaxe continua como esforzo pero tamén como disposición atractiva para transcender o común, completábase en Fernando coa paixón por chegar ao fondo das cousas, por enriquecelas con visións anovadoras, sen descartar rumbos orixinais.

Todo iso facíao desde a independencia, “que ten un prezo e hai que estar disposto a pagalo”, dicía, unha independencia que non só non quería dicir ausencia de compromiso, que aí está, nin tampouco esquivo ideolóxico para non implicarse, senón perseverancia activa nun compromiso de servizo á sociedade sen pedanterías e sen esperar nada a cambio, só satisfeito coa convicción da honestidade. Ese enfoque sintonizou sempre moi especialmente

coa propia concepción do IGADI e por iso a nosa simpatía callou dende o primeiro momento.

Mar por medio, esa actitude, facilitada en boa medida polo distanciamento físico do país, esa reivindicación permanente do dereito a pensar en liberdade, sen pexas, comprometido sen reservas coa idea de crear, nunha sociedade como a nosa, tan ategada de anormalidades que aparentan o contrario, define toda a nobreza do ideario e da conduta intelectual de Fernando. Esa, a fin de contas, era a súa militancia, e exercíana, sen exhibicionismo, sen elitismo, con bondade e xenerosidade.

Brillante en tantos campos, agudo nas súas análises, o maior mérito de Fernando no meu ver, máis aló dese increíble don de linguas, é esa capacidade para penetrar nos problemas e achegar trazos innovadores, facéndoo, en primeiro lugar, dende a auto-ridade de quen posúe unha ampla bagaxe, pero tamén dende o rexeitamento dos inmovilismos.

O Fernando era capaz de estar en todo e a todo e nunca deixaba de sorprenderte positivamente. Con el, tanto podías falar das peripecias do Viveiro do seu pai ou do Ferrol da súa adolescencia, con aquela referencia mítica da Toca, entre penedos de granito onde contaba cun espazo feito a medida, como de poesía británica ou chinesa, das intrahistorias do galeguismo contemporáneo, en Compostela e lonxe dela, daquel mal invento da terceira vía de Tony Blair ou dos movementos altermundialistas, e de todo sabía con criterio. Inimigo dos dogmas e da parálise, confiaba máis na lección da práctica ca na transcendencia das formulacións librecas como fundamento de novas formas de actuar e de pensar que nos deben conducir a un mundo e a unha sociedade mais humanizada, abandonando nostalxias de tempos pasados e apostando por solucións creativas que deben xurdir da reflexión e do debate democrático. Construtivo a partir do existente, criticaba con elegancia, con tacto extremo, sen ánimo de saldar contas, argumentando sen prexuízos, exaltando o valor da crítica simplemente como oportunidade para mellorar.